**Obxecto:** Estas bases reguladoras teñen por obxecto establecer as condicións para a concesión de axudas para establecementos turísticos de aloxamento e adegas situadas nos territorios das cinco rutas do viño de Galicia para a adquisición, instalación e posta en funcionamento de bicicletas e patinetes eléctricos, estacións de reparación e puntos de recarga, así como para a creación dun sistema de xestión destes vehículos eléctricos e a comunicación destas experiencias, promovendo as sinerxías entre os actores que as conforman así como fomentando a mellora da experiencia enogastronómica e a posta en valor dos produtos vitivinícolas e proceder á súa convocatoria como anticipado de gasto para o ano 2026.

**Convoca:** Axencia de Turismo de Galicia

**Prazo:** O prazo de presentación de solicitudes será de dous (2) meses.

**ORDE do 20 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2026 destinadas ás asociacións inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía (código de procedemento MT811B).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 234, 03-12-2025, Páx: 62177)

**Destinatarios:** Consultar o Artigo 4. Entidades beneficiarias

**Obxecto:** Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia relativas á atención e ao coidado dos animais domésticos de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados e/ou formen parten de colonias felinas reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo, á realización de campañas de concienciación para a tenza responsable e para a adopción de animais abandonados e a adquisición de material para a xestión e o manexo dos animais aloxados nos centros de recollida autorizados, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2026 destinadas ás asociacións inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a protección e a defensa dos animais de compañía

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Desde o día seguinte ao de publicación desta orde no DOG ata o 11 de setembro de 2026.

**ORDE do 20 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para fomentar a adopción de animais domésticos de compañía abandonados acollidos nos centros de recollida autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan axudas para o ano 2026 (código de procedemento MT811C).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 234, 03-12-2025, Páx:

## CONVOCATORIAS

62226)

**Destinatarios:** As persoas físicas que acrediten a adopción dun animal doméstico de compañía abandonado que proveña dalgún dos centros de recollida autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Obxecto:** Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas destinadas a fomentar a adopción de animais domésticos de compañía abandonados acollidos nos centros de recollida autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2026.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Desde o día seguinte ao de publicación desta orde no DOG ata o 11 de setembro de 2026.

**ORDE do 2 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións cero e vehículos taxi eco, e se convocan para o exercicio de 2026 (tramitación anticipada) (código de procedemento IF303A).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 239, 11-12-2025, Páx: 63497)

**Destinatarios:** Poderán ser persoas beneficiarias das axudas, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas titulares de autorizacións administrativas de transporte vixentes, documentadas en tarxetas da serie VT-N, expedidas pola Dirección Xeral de Mobilidade ou polos servizos de Mobilidade competentes.

**Obxecto:** Fixar as bases reguladoras para a concesión de axudas a persoas titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións cero e vehículos taxi do tipo Eco. Así mesmo, convócanse as devanditas subvencións para o ano 2026.

**Convoca:** Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

**Prazo:** Desde o 7º día hábil seguinte ao da publicación desta orde no DOG ata o 14 de outubro de 2026.

**ORDE do 1 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca continental para o fomento da riqueza piscícola e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT808A).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 241, 15-12-2025, Páx: 64030)

**Destinatarios:** Persoas xurídicas que teñan o nomeamento de entidade colaboradora de pesca continental.

**Obxecto:** Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actividades e investimentos de fomento da riqueza piscícola e realizar a súa convocatoria para o ano 2026.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Un (1) mes contado desde o día seguinte ao de publicación desta orde no DOG.

**ORDE do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e**

## CONVOCATORIAS

**se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809B).**  
**(Diario Oficial de Galicia, Num: 241, 15-12-2025, Páx: 64066)**

**Destinatarios:** Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando que se especifica no anexo I e que fose afectado por ataques de lobos dentro da Comunidade Autónoma.

**Obxecto:** Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras afectadas polos ataques do lobo ás reses das súas explotacións, coa finalidade de compensar os danos ocasionados no seu gando, e proceder á súa convocatoria para o ano 2026.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Consultar o Artigo 13. Prazo de presentación de solicitudes

**RESOLUCIÓN do 5 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan Renova o teu vehículo, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria, mediante tramitación anticipada, para a anualidade 2026 (códigos de procedemento IN421T e IN421U).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 247, 23-12-2025, Páx: 65783)

**Destinatarios:** Consultar Artigo 3. Actuacións que se subvencionan

**Obxecto:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan Renova o teu vehículo (código de procedemento IN421U), así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IN421T), recollidas como anexo I desta resolución e proceder á convocatoria para a anualidade 2026.

**Convoca:** Axencia Instituto Enerxético de Galicia

**Prazo:** Rematará o 30 de setembro de 2026, ás 20.00 horas ou cando se esgoten os fondos.

## Estatal

**Orde TED/1444/2025, do 11 de decembro, pola que se modifican as bases reguladoras de varios programas de axudas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.** (Boletín Oficial del Estado, Num: 299, 13-12-2025, Páx: 165121)

**Destinatarios:** Consultar a correspondente convocatoria

**Obxecto:** Consultar a correspondente convocatoria

**Convoca:** Consultar a correspondente convocatoria

**Prazo:** Consultar a correspondente convocatoria

**Extracto da Resolución do 18 de decembro de 2025, do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P. pola que se realiza a segunda convocatoria do**

## CONVOCATORIAS

**programa de incentivos de proxectos innovadores de EERR e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (EERR innovadoras) en marco do PRTR, financiado pola Unión Europea - Next Generation EU. Programa 5: Instalacións de bombas de calor renovables.** (Boletín Oficial del Estado, Num: 309, 24-12-2025, Páx: 76627)

**Destinatarios:** Persoas xurídicas, públicas ou privadas, legal, validamente constituídas e debidamente inscritas no rexistro correspondente, sempre cumpran todos os requisitos establecidos en bases reguladoras e convocatoria.

**Obxecto:** Impulsar proxectos innovadores de investimento e implantación de bombas de calor renovable, cun rendemento medio estacional (SPF) superior a 2,415 para as aplicacións de calor e para as aplicacións unicamente de refrixeración, o requisito de eficiencia mínima do sistema de refrixeración, expresado como factor de rendemento estacional primario, deberá ser superior a 1,4, de acordo co disposto no Regulamento Delegado (UE) 2022/759 da Comisión do 14 de decembro de 2021 polo que se modifica o anexo VII da Directiva (UE) 2018/ 2001 do Parlamento Europeo e do Consello con respecto a unha metodoloxía para calcular a cantidade de enerxías renovables utilizada para a refrixeración e os sistemas urbanos de refrixeración.

**Convoca:** Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

**Prazo:** Do 14 de xaneiro 2026 ata o 19 de febreiro de 2026.

**Extracto da Resolución do 18 de decembro de 2025, do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P. pola que se realiza a segunda convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (EERR innovadoras) no marco PRTR-NextGenerationEU. Programa 3: Proxectos innovadores de integración de renovables en infraestruturas** (Boletín Oficial del Estado, Num: 309, 24-12-2025, Páx: 76621)

**Destinatarios:** Persoas xurídicas, públicas ou privadas, legal, validamente constituídas e debidamente inscritas no rexistro correspondente, sempre cumpran todos os requisitos establecidos en bases reguladoras e convocatoria.

**Obxecto:** Impulsar proxectos innovadores de investimento en instalacións de produción de enerxía eléctrica que utilicen tecnoloxía renovable con almacenamento integradas en infraestruturas existentes.

**Convoca:** Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

**Prazo:** Do 14 de xaneiro 2026 ata o 19 de febreiro de 2026.

**Extracto da Resolución do 18 de decembro de 2025, do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P. pola que se realiza a segunda convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (EERR innovadoras) no marco PRTR-**

## CONVOCATORIAS

**NextGenerationEU. Programa 2: Proxectos innovadores de instalacións fotovoltaicas flotantes. (Boletín Oficial del Estado, Num: 309, 24-12-2025, Páx: 76618)**

**Destinatarios:** Persoas xurídicas, públicas ou privadas, legal, validamente constituídas e debidamente inscritas no rexistro correspondente, sempre cumpran todos os requisitos establecidos en bases reguladoras e convocatoria.

**Obxecto:** Impulsar proxectos innovadores de investimento en instalacións de produción de enerxía eléctrica que utilicen tecnoloxía fotovoltaica, así como o almacenamento asociado instalacións fotovoltaicas instaladas sobre calquera tipo de plataforma flotante en corpos de auga interiores superficiais, e ancorada de forma permanente a través de polo menos un punto fixo.

**Convoca:** Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

**Prazo:** Finalizará ás 12:00 hora peninsular do día 19 de febreiro de 2026.

**Extracto da Resolución do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P. pola que se realiza a segunda convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (EERR innovadoras) no marco do PRTR-Next Generation EU. Programa 4: Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo. (Boletín Oficial del Estado, Num: 309, 24-12-2025, Páx: 76624)**

**Destinatarios:** Persoas xurídicas, públicas ou privadas, legal, validamente constituídas e debidamente inscritas no rexistro correspondente, sempre cumpran todos os requisitos establecidos en bases reguladoras e convocatoria.

**Obxecto:** Impulsar proxectos innovadores de investimento en instalacións de produción de enerxía eléctrica que utilicen tecnoloxía fotovoltaica e eólica no seu caso, así como o almacenamento asociado a estes proxectos, para autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables.

**Convoca:** Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

**Prazo:** Do 14 de xaneiro 2026 ata o 19 de febreiro de 2026.

**Extracto da Resolución do Consello de Administración do E.P.E Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se realiza a segunda convocatoria dos Programas "Repotenciación Circular" para a concesión de axudas ao investimento na repotenciación de instalacións eólicas e na renovación tecnolóxica e medioambiental de minicentrales hidroeléctricas de ata 50 MW, no marco do PRTR. (Boletín Oficial del Estado, Num: 312, 27-12-2025, Páx: 77019)**

**Destinatarios:** Persoas xurídicas, públicas ou privadas; consorcios ou agrupacións empresariais de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, con personalidade xurídica propia; legal e validamente constituídas, que teñan o seu domicilio fiscal en España, sempre que realicen algunha actividade económica pola que ofrezan bens e/o servizos no mercado e

## CONVOCATORIAS

leven a cabo o investimento ou satisfagan o gasto correspondente á actuación incentivable.

**Obxecto:** Impulsar o desenvolvemento de proxectos de investimento na repotenciación de instalacións eólicas (consultar o punto Segundo. Finalidade).

Impulsar o desenvolvemento de proxectos de investimento na renovación tecnolóxica e medioambiental de minicentrales hidroeléctricas existentes de ata 50 MW, segundo defínense e establécense como proxectos subvencionables nos artigos 2 e 8 das bases reguladoras.

**Convoca:** Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

**Prazo:** Desde o 15 de xaneiro de 2026 ata o 24 de febreiro de 2026

**Orde TED/1477/2025, do 17 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras do programa de incentivos á instalación de infraestrutura de recarga de acceso público de vehículos eléctricos lixeiros en España (Programa MOVES Corredores de Recarga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU. (Boletín Oficial del Estado, Num: 303, 18-12-2025, Páx: 168602)**

**Destinatarios:** As empresas de prestación de servizos de recarga enerxética de vehículos eléctricos, tanto públicas como privadas, que actúen como operadores de puntos de recarga de acceso público (CPO, en diante) que vaian ser titulares das instalacións.

**Obxecto:** O establecemento das bases reguladoras para a selección e concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes ao programa de incentivos a proxectos de despregamento de infraestrutura de recarga de acceso público para vehículos eléctricos lixeiros (Programa MOVES Corredores de Recarga).

**Convoca:** Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

**Prazo:** Indicarase na correspondente convocatoria.

**Orde TED/1478/2025, do 17 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a proxectos de electrificación de frotas de vehículos lixeiros (Programa MOVES Frotas Plus), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. (Boletín Oficial del Estado, Num: 303, 18-12-2025, Páx: 168653)**

**Destinatarios:** Persoa xurídica que realice o investimento ou gasto correspondente á actuación que se incentiva (consultar o Artigo 5. Beneficiarios)

**Obxecto:** O establecemento das bases reguladoras para a selección e concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes ao Programa de Incentivos a proxectos de electrificación de frotas de vehículos lixeiros (Programa MOVES Frotas Plus).

**Convoca:** Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

**Prazo:** Indicarase na correspondente convocatoria.

Unión europea

**Publicado o Programa de Traballo principal de Horizonte Europa para 2026-2027 (Num: 1, Páx: 1)**

**Destinatarios:** Consultar convocatorias

## CONVOCATORIAS

**Obxecto:** A Comisión Europea adoptou o principal programa de traballo de Horizonte Europa para 2026-2027, un investimento de 14 000 millóns de euros destinada a impulsar a investigación e a innovación en todos os obxectivos estratéxicos da UE. Estes obxectivos inclúen lograr a neutralidade climática, impulsar o uso da intelixencia artificial (IA) na investigación e a innovación e garantir a resiliencia nun mundo que cambia rapidamente. Para logralo, o programa introduce novas convocatorias e temas interdisciplinarios que impulsarán a descarbonización e o uso da IA na investigación. Tamén amplía a iniciativa «EligeEuropa» para atraer talento mundial e simplifica a solicitude de financiamento e participación en Horizonte Europa.

**Convoca:** Comisión Europea

**Prazo:** Consultar convocatorias

### **Horizon Europe. Clúster 5: Clima, Enerxía e Mobilidade 2026 (Num: 1, Páx: 1)**

**Destinatarios:** Consultar Funding and Tenders Portal using the call reference: HORIZON-CL5-2026-02-D3 (14 topics).

**Obxecto:** Tras a adopción do programa de traballo Horizonte Europa 2025, a Comisión Europea lanzou unha nova convocatoria de propostas de proxectos para apoiar a investigación e a innovación que garantan unha subministración enerxética máis sostible, segura e competitiva mediante solucións para sistemas enerxéticos intelixentes baseados en enerxías renovables.

**Convoca:** European Commission

**Prazo:** Finaliza o 17/02/2026

### Internacional

### **Convocatoria Eureka Globalstars con Xapón 2025 (Num: 1, Páx: 1)**

**Destinatarios:** Os consorcios deberán estar integrados por, polo menos, dúas empresas independentes:

- unha empresa xaponesa mediana ou pequena non cotizada en Bolsa (co seu principal centro de traballo de I+D situado no Xapón) cuxa relación entre os gastos de I+D e as vendas netas sexa 5% ou superior (segundo o seu estado financeiro máis recente).
- unha empresa dun dos países Eureka participantes na chamada, por exemplo, unha empresa española.

**Obxecto:** Esta convocatoria está aberta a todos os proxectos de I+D, excluindo as tecnoloxías asociadas coa enerxía nuclear e o descubrimento de fármacos. Algúns exemplos de alcance inclúen, entre outros: tecnoloxía cuántica, intelixencia artificial, robótica, semicondutores, electrónica, enerxía e medio ambiente, biotecnoloxía, novos materiais, dispositivos médicos, aeroespacial, minería e outras tecnoloxías industriais.

**Convoca:** Eureka

**Prazo:** Ata o 21 de xaneiro de 2026

## PREMIOS

### Estatal

## CONVOCATORIAS

**IV edición do Premio Fundación Naturgy-CSIC á investigación e innovación tecnolóxica no ámbito enerxético (Num: 1, Páx: 1)**

**Destinatarios:** Organismos de investigación públicos ou privados, sen ánimo de lucro, que realicen investigación fundamental ou desenvolvemento experimental, con personalidade xurídica propia e residencia fiscal en España (RUCT). Estes organismos de investigación inclúen os organismos públicos de investigación, as universidades públicas e privadas rexistradas no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos; e outros centros de I+D+i, públicos ou privados sen ánimo de lucro, cuxa normativa recolla a I+D+i como actividade principal.

**Obxecto:** O Premio Fundación Naturgy-CSIC á investigación e innovación tecnolóxica no ámbito enerxético, ten como obxectivo promover proxectos de investigación e innovación tecnolóxica no marco da transición enerxética.

Un recoñecemento a proxectos de investigación e innovación que favorezan os obxectivos de descarbonización.

**Convoca:** Fundación Naturgy-CSIC

**Prazo:** Inscripcións ata o 15 de febreiro de 2026

**Orde DCA/1451/2025, do 4 de decembro, pola que se crean os Premios Nacionais á Protección Animal e establécense as súas bases reguladoras. (Boletín Oficial del Estado, Num: 300, 15-12-2025, Páx: 165792)**

**Destinatarios:** Consultar o Artigo 8. Solicitantes.

**Obxecto:** O obxecto desta orde é crear os Premios Nacionais á Protección Animal, nas súas distintas modalidades, e aprobar as súas bases reguladoras.

**Convoca:** Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030

**Prazo:** Establecerase na convocatoria

**Unión europea****Premios EUSEW 2026 (Num: 1, Páx: 1)**

**Destinatarios:** Calquera persoa con sede na UE pode enviar un proxecto recente que estea a axudar aos cidadáns, a industria ou o sector público a traballar para lograr o Pacto Industrial Limpo da UE.

**Obxecto:** Os Premios Europeos de Enerxía Sostible recoñecen a persoas destacadas, innovacións e logros en materia de enerxía renovable e eficiencia enerxética en toda Europa, promovendo as mellores prácticas e creando conciencia sobre solucións e proxectos de enerxía limpa que impulsan a descarbonización de Europa.

**Convoca:** Comisión Europea

**Prazo:** Antes do 29 de xaneiro de 2026

## ACTIVIDADES

### CAMPAÑAS

Estatal

#### **Xornada de información Horizonte Europa: Cluster 5 Clima, Enerxía e Mobilidade**

**Contido:** As transicións ecolóxica e dixital son fundamentais para lograr a neutralidade climática en Europa para 2050. Para apoiar esta ambición, a xornada informativa da Agrupación industrial 5 de Horizonte Europa celebrárase en liña o 15 de xaneiro de 2026, ofrecendo información sobre as oportunidades de financiamento para a investigación e a innovación en clima, enerxía e mobilidade.

**Lugar:** Online

**Organizador:** CINEA

**Data de inicio:** 15-01-2026

**Data de fin:** 15-01-2026

### CONGRESOS

Estatal

#### **Congreso ESPARC 2026**

**Contido:** A Consellería de Medio Ambiente, Vivenda e Ordenación do Territorio da Junta de Castilla y León e EUROPARC-España organizan o congreso ESPARC 2026, que se celebrará en Posada de Valdeón, no corazón dos Picos de Europa, do 3 ao 7 de xuño de 2026.

No congreso avanzárase nos retos e oportunidades das áreas protexidas. Os talleres de traballo céntranse en temas craves como a prevención de incendios no contexto da adaptación ao cambio climático, as ferramentas para a xestión do uso público, o emprendemento nos espazos naturais, a custodia do territorio como ferramenta de implicación social na conservación, os mecanismos de financiamento privado, e as técnicas e ferramentas para mellorar a comunicación e o traballo coas comunidades locais. No espazo destinado ás comunicacións os congresistas poderán compartir proxectos, iniciativas e experiencias.

**Lugar:** Posada de Valdeón, León

**Organizador:** Consellería de Medio Ambiente, Vivenda e Ordenación do Territorio da Xunta de Castilla e León e EUROPARC-España

**Data de inicio:** 03-06-2026

**Data de fin:** 07-06-2026

Internacional

#### **IX Congreso Iberoamericano sobre Educación Ambiental para a Sustentabilidade. Terceiro Foro Internacional Importancia da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento Sustentable**

**Contido:** O evento busca promover o intercambio de coñecementos e experiencias sobre educación ambiental en América Latina, o Caribe e Europa.

## ACTIVIDADES

As temáticas abarcan a educación ambiental en distintos contextos (escolar, comunitario, universitario e empresarial), o uso de TIC, a comunicación ambiental e os movementos xuvenís. Ademais, o foro universitario impulsará a reflexión sobre o papel da educación superior no cumprimento da Axenda 2030.

**Lugar:** Presencial e virtual

**Organizador:** Universidad Centro Panamericano de Estudios Superiores, México

**Data de inicio:** 19-01-2026

**Data de fin:** 23-01-2026

### CURSOS

#### Estatal

#### **Curso de Uso público e turismo sostible en áreas protexidas**

**Contido:** Está dirixido a persoas traballadoras en activo residentes nas rexións B (Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, La Riola, Castilla y León, Comunidade Valenciana, Illes Balears, Región de Murcia e Canarias) e C (Andalucía, Castilla-La Mancha, Extremadura, Ciudad de Ceuta e Ciudad de Melilla) do Fondo Social Europeo.

Incluindo: persoal de áreas protexidas, ONG e entidades conservacionistas, consultoras ambientais, administración pública, equipos de educación ambiental, empresas de turismo sostible e outros ámbitos profesionais.

**Lugar:** En liña

**Organizador:** Fundación Interuniversitaria Fernando González Bernáldez

**Inscripción:** Ata o 30 de xanairo de 2026

**Data de inicio:** 09-02-2026

**Data de fin:** 29-03-2026

### XORNADAS

#### Unión europea

#### **Xornada informativa da CBE JU 2026**

**Contido:** Expertos de CBE JU presentarán os temas da convocatoria de 2026, explicarán as normas, condicións e requisitos aplicables, e compartirán consellos prácticos para preparar propostas sólidas baseadas nas leccións aprendidas en convocatorias anteriores. Os participantes poderán facer preguntas a través dunha ferramenta específica de preguntas e respostas, e a gravación do seminario web estará dispoñible despois do evento. As inscricións abriranse en xaneiro de 2026.

**Lugar:** En liña

**Organizador:** Circular Bio-based Europe

**Data de inicio:** 12-03-2026

**Data de fin:** 12-03-2026

## ACTIVIDADES

**Xornada informativa da Agrupación industrial 5 Clima, Enerxía e Mobilidade**

**Contido:** O obxectivo é presentar as convocatorias do 2026 do Programa de Traballo 2026-2027.

**Lugar:** En liña

**Organizador:** Comisión Europea

**Data de inicio:** 15-01-2026

**Data de fin:** 15-01-2026

**OUTRAS ACTIVIDADES**

Unión europea

**Foro de partes interesadas de CBE JU 2026: "Impulsar o impacto: innovación de base biolóxica para unha Europa competitiva e sostible"**

**Contido:** O evento será unha oportunidade clave para explorar como a comunidade de partes interesadas de CBE JU está a xerar un impacto real na competitividade e resiliencia de Europa, apoiando a transición verde e como pode seguir impulsando o cambio.

O foro reunirá a máis de 400 representantes do sector da biotecnoloxía circular, incluíndo produtores primarios, a industria, responsables políticos e investigadores, para reflexionar sobre as leccións aprendidas e debater o papel da Empresa Común CBE no desenvolvemento de todo o potencial da bioeconomía europea.

**Lugar:** Bruselas

**Organizador:** Empresa Común Circular Bio-based Europe

**Data de inicio:** 24-03-2026

**Data de fin:** 24-03-2026

**Brokerage event Clúster 5 GREENET**

**Contido:** O obxectivo é axudar aos participantes para buscar socios e para iso poden presentar as súas ideas de propostas e as súas organizacións a través de:

A sesión de Pitching

Reunións bilaterais organizadas por topic.

**Lugar:** En liña

**Organizador:** Comisión Europea

**Data de inicio:** 14-01-2026

**Data de fin:** 14-01-2026

Internacional

**Simposio Global - Transformando Futuros: Mellorando a Práctica da EDS para 2030 mediante a Investigación-Acción**

## ACTIVIDADES

**Contido:** A investigación-acción é un poderoso motor de cambio que permite a educadores e institucións converterse en axentes de transformación para o desenvolvemento sostible. Este simposio global reunirá a participantes de dez países para compartir leccións aprendidas, intercambiar boas prácticas e brindar retroalimentación sobre o proxecto de Investigación-Acción en EDS e as súas ferramentas antes da súa publicación. O evento busca fortalecer as capacidades a longo prazo, fundamentar estratexias de difusión e explorar futuras oportunidades para ampliar a colaboración coas institucións educativas mediante iniciativas de desenvolvemento de capacidades.

**Lugar:** Bucarest, Rumanía

**Organizador:** UNESCO

**Data de inicio:** 19-01-2026

**Data de fin:** 21-01-2026

### **Cume Mundial de Enerxía do Futuro 2026 - World Future Energy Summit 2026**

**Contido:** A Cume Mundial de Enerxía do Futuro 2026 ten como obxectivo servir como acelerador da transición global cara á enerxía limpa reunindo á industria enerxética para transformar os sistemas enerxéticos futuros.

A Cume contará con relatores e sesións, unha mostra de tecnoloxía e un espazo de exposición. O evento centrarase nos seguintes temas: enerxía solar; residuos ecolóxicos; auga; enerxía limpa; cidades sostibles; e camiños cara ao obxectivo de 1,5 °C.

**Lugar:** Abu Dabi

**Organizador:** Reed Exhibitions Limited ("RX")

**Data de inicio:** 13-01-2026

**Data de fin:** 15-01-2026



## BIBLIOGRAFÍA

### MONOGRAFÍAS

**Axenda do Consumidor 2030. Comisión europea**

**Informe Anual Calidade do Aire de Galicia 2024 - Xunta de Galicia**

**Boletín da Rede de Parques Nacionais adicado ás Especies Exóticas Invasoras. MITECO**

### RECURSOS ELECTRÓNICOS

**Evolución das emisións sectoriais de gases efecto invernadoiro no contexto europeo 2019-2023-Fundación Naturgy**

**Diálogos EAS. Documento de Síntese das achegas á consulta. MITECO**

**Informe resumido da Sexta reunión da Conferencia das Partes no Convenio de Minamata sobre o Mercurio (COP-6). Earth Negotiations Bulletin, Novembro 2025**

**Energy Perspectives 2025. Fundación Naturgy e IESE Business School**

**Avaliación do impacto da rehabilitación exprés na pobreza enerxética. Análise de casos reais en distintas provincias españolas - Fundación Naturgy**

**20ª Reunión da Conferencia das Partes de CITES (CITES CoP20). Earth Negotiations Bulletin, decembro 2025.**

**Novidades Bibliográficas Novembro 2025 - CEIDA**

**Conferencia das Partes de cambio climático de Nacións Unidas en Belém, Brasil. COP 30. Fundación Naturgy**

BOLETÍN DE  NFORMACIÓN AMBIENTAL



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
MEDIO AMBIENTE E  
CAMBIO CLIMÁTICO